

SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA, PRESENTADA POR MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ, PRESIDENTE DE LA PLATAFORMA EN DEFENSA DEL SECTOR MARÍTIMO PESQUERO DE GALICIA

Con data 14 de agosto de 2019 tivo entrada no rexistro electrónico da Fundación Pública Galega Camilo Jose Cela (en diante a Fundación), solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, presentada por Miguel Ángel Delgado González, con D.N.I 32.413.124 como Presidente de la *Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia*, Nº de Rexistro 2012/016402, NIF: G-70321807.

Con data 5 de novembro de 2019 recibíse notificación da resolución da Comisión de Transparencia de Galicia do 30 de outubro, ao abeiro da reclamación presentada con data 8 de agosto de 2019 por Miguel Ángel Delgado González, na que se acorda estimar a reclamación presentada por Miguel Ángel Delgado González, e na que se insta á Fundación a responder á petición de información solicitada.

O artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que a competencia para coñecer das solicitudes de acceso á información pública correspóndelle á persoa titular da secretaría xeral técnica, dirección xeral ou delegación territorial, no caso da Administración Xeral de Galicia, ou á persoa titular dos órganos de goberno ou executivos, no caso de entidades instrumentais do sector público, que as resolverán e notificarán no prazo dun mes, contado dende a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

O artigo 2.2.c) do DECRETO 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, queda adscrita a esta consellería, sen prexuízo da súa personalidade xurídica propia, a entidade pública instrumental Fundación Pública Camilo José Cela.

En relación a dita solicitude, e **co fin de dar traslado ao solicitante da información requirida** en execución da resolución de 30 de outubro de 2019 da Comisión de Transparencia de Galicia, **infórmase o seguinte:**

- A Fundación Pública Galega Camilo Jose Cela carece dos medios técnicos necesarios para extraer a información dado que parte da información require actividade de análise ou interpretación e debe elaborarse expresamente para atender á solicitude accedendo á información contida en cada expediente e carece dunha base informática da que poder obter os datos co que precisa unha procura manual en relación a expedientes arquivados ou se refira a un lapso temporal moi amplo.

- En relación coas obrigas de publicidade activa recollidas no capítulo II da LEI 1/2016, do 18 de xaneiro relativas a que a información suxeita á estas obrigacións de publicidade activa será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas Web dun modo claro, estruturado, conciso e entendible para as persoas interesadas e, preferiblemente, en formatos re-utilizables, a Fundación está a traballar nunha nova páxina Web que cumpra coas ditas obrigas de publicidade activa, xa que o sistema actual dun Blog de Wordpress non é a plataforma máis adecuada en termos de seguridade e acceso a información administrativa.

Na páxina actual, consta un apartado relativo á Lei de transparencia no que aparecen algúns aspectos que recolle a Lei:

<https://fundacioncela.wpcostaging.com/fundacion/leydetransparencia/>

- Por outra banda, tras examinar a solicitude, comprobouse o seguinte:
 - ✓ Unha parte da información que se solicita, aínda sendo relativa ao ámbito funcional de actuación da Fundación, debe elaborarse expresamente para darlle resposta facendo uso de diversas fontes de información, que poden ser, ademais, competencia doutros órganos.
 - ✓ Así mesmo para darlle resposta á solicitude, tendo en conta o amplo número de anualidades a que se refire, exige unha procura manual en relación a documentos arquivados en diferentes expedientes e demanda unha certa actividade de análise ou interpretación.
 - ✓ Do mesmo xeito parte da información solicitada un carácter abusivo non xustificable coa finalidade de transparencia desta Lei
 - ✓ Finalmente parece desprenderse da solicitude que a persoa solicitante trata de dispoñer dun arquivo paralelo ao da Administración o que non parece estar entre as finalidades da normativa de transparencia.

Tras estas consideracións, trasládase ao solicitante o seguinte:

De acordo co artigo 18.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que sinala que inadmitiranse a trámite as solicitudes de acceso á información pública que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificable coa finalidade de transparencia desta Lei, entendemos dentro deste suposto as peticións formuladas nos seguintes parágrafos da solicitude:

- Listado de contas bancarias ou outros bens, con copia do extracto e tarxetas, teléfonos móbiles, etc.

Do mesmo xeito, en relacións aos seguintes extremos non existe información na Fundación por non darse os supostos de feito:

- Retribucións percibidas anualmente pola Patroa, Director e cargos de confianza, asesores, cargos e vogais, en forma de axudas de custo, pluses, asistencias, quilometraxe ou calquera outro tipo de complementos económicos:

Non se deveñen soldos, dietas, remuneracións ou calquera outro tipo de complemento económico aos membros dos órganos de goberno.

- Acordos e actuacións encargadas ao gabinete xurídico para preitos dos responsables:

Non se teñen dado esas actuacións.

- Informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados para publicidade:

Non se teñen dado esas actuacións. A Fundación realiza polos seus propios medios a difusión da súa actividade fundacional.

- Actas, rexistros ou ordenes nas que se negan os dereitos informativos e peticións de información pública existentes en el momento de esta petición e identificación do funcionario responsable de trasladar la negativa:

Non temos constancia de tales negativas.

- Contrato do servizo informático da Web, custo e mantemento:

A páxina Web da Fundación é un Blog gratuito de Wordpress, creado e xestionado integramente polos traballadores da Fundación dende o ano 2013 polo que non supón custo algún para a institución.

Por outra banda, a efectos de información pública, moitas peticións recollidas na solicitude atópanse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego como actos e documentos de inscrición obrigatoria de calquera Fundación sobre as que se exerzan as funcións de protectorado.

De tal xeito o artigo 53 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego sinala que o Rexistro único de Fundacións de Interese Galego será público. A publicidade dos actos rexistrados farase efectiva mediante a certificación dos asentos expedida polo responsable do rexistro, mediante nota simple informativa ou copia cotexada dos asentos e documentos depositados no rexistro.

De acordo co dito, o artigo 21 e 22 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, recollen os *actos suxeitos a inscrición* e outra información suxeita a constancia rexistral, ao que poden ter acceso os interesados previo pago das correspondentes taxas se o ese acceso conleva a expedición de certificacións ou a entrega de copias documentais

A disposición adicional primeira da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sinala que se rexerán pola súa normativa específica, e por esta Lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso a la información.

Polo tanto, a información relativa aos seguintes puntos da solicitude é de acceso público no rexistro de fundacións sección da Consellería de Cultura e Turismo. Así, na medida en que quede reflectida nas contas que deben depositarse anualmente no rexistro xunto co plan de actuación, poderá acceder á seguinte información:

- subvencións e axudas públicas recibidas
- orzamentos
- contas anuais e informes de auditoría de contas

Tamén é de acceso público a seguinte información:

- inscrición no rexistro de asociacións do Goberno ou órgano correspondente.
- actas e convenios de acordos que afecten a terceiros
- acta fundacional
- estatutos de cargos e identificación das persoas físicas que os representan
- identificación dos membros que integran o Consello de administración

Procede, á súa vez, sinalar que a Fundación presenta os seus libros contables perante o Rexistro Mercantil e que a partir do falecemento do seu Presidente-Fundador a Fundación audita todos os anos as súas contas anuais.

Por tanto propónse o acceso a esta información a través da consulta ao rexistro de fundacións sección da Consellería de Cultura e Turismo.

O expediente poderase consultar no Servizo Técnico-Xurídico (San Caetano, s/n 15781. Santiago de Compostela), previa coordinación co dito Servizo (xuridico.cultura@xunta.es).

As copias solicitaranse por escrito tras a consulta do expediente e entregaranse polo Servizo Técnico-Xurídico tras o pago das taxas sinaladas.

Informáselle de que segundo o anexo I (taxas por servizos administrativos) da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras de Galicia, as cantidades a pagar no ano 2019 son as seguintes:

Obtención de informacións ou certificacións do rexistro:

- Primeiro folio: 3,68 €
- Seguintes folios (por unidade): 1,82 €

Expedición de copia de estatutos: 18,36 €

Finalmente indicar que, dende o ano 2013 a Fundación presenta os seu plan de actuación, obxectivos e indicadores, orzamentos e resultados de exercicio na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñible para toda a cidadanía en todas as súas fases de tramitación parlamentaria. Pode acceder á información a través do seguintes enlaces:

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/orzamentos/sector-publico>

http://www.conselleriadefacenda.es/orzamentos/2019/PR/FUNDACIONES_FR14.PDF

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/contabilidade/contas-anuais>

Asinado en Iria Flavia

A Subdirectora da Fundación Pública Galega Camilo Jose Cela

Covadonga Rodríguez del Corral

Asinado por 44812359X COVADONGA RODRIGUEZ (R: G15119456), Subdirectora da Fundación Pública Galega Camilo José Cela, o día 22/11/2019 cun certificado emitido por AC Representación.